



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 17 DE XULLO DE 2012

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia os profesores Manuel Graña e Manuel Casteleiro.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a celebración da sesión, o Reitor da paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

O reitor abre o seu informe dando conta da reunión da CRUE en Girona o día 28 de xuño. Informouse nesa reunión dos avances nas xestións encomendadas pola comisión delegada da CRUE para negociar coa secretaría de Estado de Universidades a aplicación do Real Decreto-Lei 14/2012. Tráballouse sobre a aclaración do réxime de dedicación do profesorado no Real Decreto-Lei 14/2012, concluíndose que o previsto neste é unha norma de máximos, que preserva a marxe de autoorganización das Universidades para axustar as cargas docentes en función das súas necesidades.

Tamén se comentou o problema da aplicación da taxa de reposición de efectivos ás Universidades. No artigo 23 da lei xeral de orzamentos para 2012, aprobouse unha taxa de reposición de efectivos do 10% para o persoal das Universidades, cuxa aplicación é discutida, como vai ser analizado posteriormente no desenvolvemento dos puntos correspondentes á vicerreitoría de profesorado.

O 3 de xullo celebrouse Consello de Universidades, no que se informou favorablemente o Decreto de taxas da Xunta. A posición da UDC foi a abstención, dado que estamos en desacordo co Real Decreto-Lei 14/2012, como foi aprobado polo Claustro de 15 de maio deste ano. Con todo, deixamos constancia da nosa valoración positiva da actitude negociadora da Xunta de Galicia, buscando a parte baixa das marxes de prezos de matrícula. O Decreto foi publicado onte no DOG.



Por último, o reitor indica que o pasado 13 de xullo chegouse a un acordo co colectivo do PAS sobre o proceso de funcionarización do PAS laboral, do que dará conta con máis vagar o xerente.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa que a finais do mes de abril foi convocado o prestixioso premio México de Ciencia e Tecnoloxía (<http://www.ccc.gob.mx/premio-mexico>). Na sesión da Comisión de Investigación da Universidade da Coruña de data 5 de xullo de 2012 decidiuse presentar como candidato a este premio ao Profesor Enrique Castillo Ron, Dr. Enxeneiro de Camiños, Dr. en Ciencias Matemáticas, Catedrático de Universidade e Membro de Número das Reais Academias de Enxeñaría e de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais. O Profesor Castillo é ademais Doutor Honoris Causa polas Universidades de Oviedo e Castilla - La Mancha e obtivo o Premio Nacional de Investigación en Enxeñaría, “Leonardo Torres Quevedo”, en 2010. A vicerreitoría está a escolmar a documentación necesaria e a recabar o apoio de diversas institucións (universidades, sociedades científicas, asociación, centros tecnolóxicos, etc.) en colaboración con algúns membros da comunidade universitaria.

Con data 22 de xuño de 2012 publicouse no BOE a convocatoria INNPACTO do MINECO, correspondentes ao “Programa Nacional de Cooperación Público-Privada”. O prazo de solicitudes remata hoxe, 17 de xullo de 2012, ás 15:00. Nestes momentos hai cinco solicitudes presentadas nas que participa a UDC.

Con data 29 de xuño de 2012 publicouse a listaxe de admitidos e excluídos en relación coas solicitudes de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia. O prazo para corrixir erros rematou o día 11 de xullo.

Con data 10 de xullo de 2012 publicouse a proposta de resolución das axudas da UDC correspondente ás bolsas de viaxe (segundo prazo) e estadías.

Con data 10 de xullo de 2012 publicouse a listaxe de admitidos e excluídos en relación coas solicitudes de axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do sistema universitario de Galicia. O prazo para corrixir erros remata o 21 de xullo.

A pesares do anuncio do MINECO (4 de xuño de 2012), aínda non se publicaron as convocatorias dos programas Ramón y Cajal, Juan de la



Cierva, Torres Quevedo e Persoal Técnico de Apoio. O período de solicitudes previsiblemente rematará ao longo do mes de setembro.

Aínda non se publicou no DOG a convocatoria de contratos predoutorais da Xunta de Galicia. Espérase que saia publicada en próximas datas.

A Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia trasladou recentemente ás universidades do SUG a súa previsión de publicación, nas tres primeiras semanas de setembro, da convocatoria de novas axudas posdoutorais do Plan I2C. Esta será a convocatoria que substitúa ao programa “Ángeles Alvariño”. Os contratos estrutúranse en dous anos de estancia posdoutoral no estranxeiro e un ano de retorno a un grupo de investigación do SUG. En breve disporase de máis información por parte da Xunta que será difundida na UDC.

Tras a anterior exposición, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa da situación das titulacións sometidas a informes de verificación das súas modificacións. Trátase de tres graos (Grao en Enxeñaría Informática, pendente do informe final; Grao en Enxeñaría de Obras Públicas; pendente de informe final; Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo, pendente informe provisional), e cinco mestrados pendentes de informe final: Xestión da Discapacidade e a Dependencia; Intervención na Discapacidade e na Dependencia; Asistencia e Investigación Sanitaria; Planificación e Xestión de Destinos; Novos Produtos Turísticos.

Encanto aos novos mestrados, están pendentes do informe final os de Materiais Complexos; Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental; Estudos Avanzados Sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías; Avogacía e Procuradoría (Interuniversitario).

Están pendentes de enviar alegacións os de Enxeñaría da Auga (UDC e Hochschule Magdeburg-Stendal; Enxeñaría Industrial; Enxeñaría Naval e Oceánica; Tecnoloxías da Edificación Sostible; Enxeñaría Informática. Está pendente de informe provisional o Mestrado Universitario en Enxeñaría de Mantemento e Instalacións do Buque, que probablemente sexa en setembro.

O vicerreitor indica que se están a recibir os informes de seguimento dos títulos das áreas de Arquitectura e Enxeñaría, Arte e Humanidades e Xurídico-Social. Faltan os das áreas de Ciencias e Ciencias da Saúde.



Sinala tamén o vicerreitor que no último Consello de Goberno aprobouse a normativa de xestión académica con un erro material que cumpre corrixir, para que esta normativa regule coherentemente con outra norma aprobada polo Consello de Goberno (normativa de dedicación, no que se prevé o número de créditos nos que se pode matricular un estudante), de xeito que conste que un estudante se poida matricular entre 48 e 78 créditos (e non 75).

Por último, o vicerreitor informa que a unidade de correo electrónico adoptou novas medidas de protección contra correos maliciosos, para evitar as fraudes. O vicerreitor solicita a colaboración de todos para mellorar a nosa resposta neste terreo.

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen informa sobre a culminación do proceso de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos. O día 13 acordouse entre todas as partes lexitimadas o cumprimento do mandato da adicional sétima dos nosos estatutos, camiñando na homologación das condicións de traballo, cun réxime xurídico único. O proceso é voluntario, e pactáronse os seus calendarios.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de xuño**

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 27 de xuño, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, a profesora Meijide solicita unha modificación da acta no punto da área funcional de terapia ocupacional. Aclara que ela non se opuxo en ningún momento á creación da área funcional, senón que manifestou a súa estrañeza e solicitou explicacións das razóns polas que se adscribía a área funcional ao departamento de ciencias da saúde, adscripción que non foi aprobada no seu día pola xunta de Facultade de Ciencias da Saúde.

Tras a lectura da anterior aclaración, a acta apróbbase por asentimento.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III** que se clasifican nesta ocasión de un (1) convenio marco, dez convenios específicos (10) e corenta e nove convenios para



prácticas (49) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

#### **4. Autorización, se proceder da creación da EBT Appentra Solutions, S.L**

O vicerreitor de Investigación e Transferencia somete ao Consello de Goberno a autorización da Empresa de Base Tecnolóxica *Appentra Solutions SL* (Autoparalel, para abreviar).

Trátase dunha empresa orientada á comercialización dun produto consistente nun software de paralelización automática que permite optimizar os recursos dos dispositivos electrónicos.

A empresa é promovida por Manuel Arenaz Silva (profesor titular de Universidade de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores), cunha participación do 42%, e Jorge Allo Maneiro (32% de participación) e María Rosa Vázquez Rogel (21% de participación). Estes dous últimos sen vínculo laboral coa UDC.

A participación proposta da UDC nesta empresa é dun 5% do seu capital social.

Como é preceptivo a solicitude ten informe favorable da OTRI, do Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, e do Consello Social.

Ademais ten informes favorables de dúas consultoras independentes (a instancia da OTRI e do Consello Social).

Os trámites restantes son pois a autorización por parte deste Consello de Goberno e, se é o caso, a aprobación final por parte do Consello Social.

Apróbase por asentimento a autorización para a creación desta empresa coa documentación que consta como **anexo IV**.

#### **5. Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento**

O vicerreitor de Investigación e Transferencia trae o calendario á aprobación, como en anos anteriores. Trátase de datas bastante similares aos de anos anteriores, e parecidas á da USC.



O vicerreitor aproveita este calendario para lembrarlle ao Consello de Goberno a importancia de recordar aos interesados que os estudantes de doutoramento xa admitidos nun programa de doutoramento en cursos pasados renoven a súa inscrición anualmente nas datas previstas no calendario.

O calendario apróbbase por asentimento dos presentes segundo figura no **anexo V**.

## **6. Regulamento de estudos de doutoramento**

O vicerreitor de Investigación e Transferencia explica que durante os últimos catro meses as tres universidades galegas estivemos a traballar nun regulamento de doutoramento conxunto. Froito dese intenso traballo xurde esta proposta de regulamento que hoxe se trae para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

A necesidade dun novo regulamento provén dos cambios lexislativos producidos a partir da publicación do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro e do Decreto da Xunta de Galicia 222/2011, de 2 de decembro.

O regulamento que se propón e case que totalmente coincidente co aprobado hai algunhas datas pola Universidade de Santiago de Compostela e o que está previsto que aprobe a Universidade de Vigo neste mesmo mes. Na UDC foi tratado pola Comisión de Doutoramento e revisado pola nosa Asesoría Xurídica. Trátase dun regulamento moi importante por ser o primeiro que contempla a estrutura de Escola de Doutoramento, emanada do RD 99/2011. Nos vindeiros meses, a UDC dará os pasos para a creación formal dunha Escola de Doutoramento que encha de contido o regulamento que hoxe se propón.

Ábrese unha quenda de intervencións, tomando a palabra Xabier de Salvador, quen sinala que non regula a mención europea do título de doutor, cando considera moi necesario unificar nunha norma única a regulación do doutoramento, especialmente o internacional. Solicita que, na aplicación destas normas, se resolvan os problemas de interpretación que van xurdir.

O vicerreitor da contestación e agradece as achegas que poidan facer os membros do Consello de Goberno á correcta aplicación desta norma.



Pedro Nogueira felicita ao equipo de goberno polo labor de coordinación coas outras dúas universidades galegas, e chama a atención sobre a necesidade de homoxeneizar tamén a calidade das teses de doutoramento.

O profesor Fernando Agrasar sinala que, no artigo 10, debe quedar máis claro que os doutorandos deben poder propor a designación do seu director de tese.

Intervén tamén o profesor Xurxo Dopico para dar a súa opinión sobre este punto, que considera moi importante.

O regulamento apróbase segundo figura no **anexo VI**.

## **7. Regulamento das contratacións previstas no artigo 83 LOU**

En novembro de 2005, o Consello Social aprobou o regulamento vixente ata o día de hoxe, que desenvolve o artigo 58 dos nosos Estatutos, no que establecen os procedementos de autorización dos traballos e de sinatura dos contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

Desde entón, a recente Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación, adoptou distintas medidas de estímulo da actividade de transferencia de coñecemento cara o tecido produtivo e institucional, que cumpre desenvolver axeitadamente, tendo en conta a tendencia xeneralizada a potenciar a xeración de ingresos por esta actividade universitaria.

O presente regulamento trata de responder ao anterior contexto, mellorando a eficiencia na xestión, a claridade e trazabilidade dos procedementos administrativos, así como a calidade dos negocios contractuais establecidos pola Universidade para transferir o coñecemento por ela xerado cara a sociedade e o seu sistema produtivo.

En particular, establécese un procedemento único e simple para a solicitude de autorización da contratación por parte da vicerreitoría competente na materia. Ademais, prevee un rexistro informático de todos estes contratos baixo a custodia da OTRI, independentemente da entidade á que se lle encomendara a xestión do contrato (FUAC, FEUGA, FICG, etc.). Así mesmo, establécese un sistema simple único para determinar o porcentaxe de custos de xestión e retorno (non inferior ao 13%), cun retorno mínimo



para a UDC (fixado nun 8%) sexa cal sexa a unidade de xestión do contrato.

A proposta actual de regulamento foi elaborada conxuntamente entre a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a Secretaría Xeral e a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente. Neste proceso de elaboración participaron a OTRI, o resto das vicerreitorías, o Consello Social e dúas consultoras con experiencia na materia (a instancias da OTRI e do Consello Social). Para a súa aprobación definitiva debe ser refrendado polo Consello Social da UDC.

O profesor Luis Castedo fai dúas puntualizacións, sobre o artigo 4.4 e sobre o artigo 8.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia e o secretario xeral explican os criterios seguidos para a redacción destes puntos.

Marisa Luisa Sánchez Simón le un escrito da Xunta de PDI. Pide que se faga unha normativa clara sobre incompatibilidades.

O reitor replica sobre esta cuestión.

Tras este debate, apróbase elevar o regulamento ao Consello Social para aprobación definitiva segundo figura no **anexo VII**.

## **8. Regulamento de creación de empresas de base tecnolóxica**

O vicerreitor de Investigación e Transferencia expón que o marco legal aplicable á creación de empresas, previsto na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (LOU) foi reformado mediante a Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, que modifica a LOU, que dota este tipo de empresas dun réxime xurídico específico, coa finalidade de apoiar a súa creación e o seu desenvolvemento no mundo universitario e favorecer a participación tanto da universidade como do persoal docente universitario na explotación dos resultados da investigación xurdida no contorno universitario. En consonancia con isto o Consello de Goberno aprobou o 17 de novembro de 2010 o Regulamento de creación de empresas de base tecnolóxica vixente ata o día de hoxe.

Este marco legal foi ampliado coa Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible e a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación. A través destas dúas novas leis, poténciase a figura das





empresas de orixe universitaria, mediante a introdución dunha regulación específica, que permite liquidar algún dos inconvenientes existentes ata a data para a creación de empresas participadas polas universidades, relativos especialmente ao réxime de incompatibilidades aplicable ao persoal das Universidades públicas. Desta forma, establécense novas fórmulas de mobilidade do persoal investigador universitario, para permitir a súa participación e implicación nas empresas que exploten a investigación que desenvolva.

O texto que se trae hoxe para a súa aprobación polo Consello de Goberno incorpora as implicacións do novo marco normativo e trata de simplificar os trámites, froito da experiencia tida nos últimos anos. A proposta actual de regulamento foi elaborada conxuntamente entre a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e a Secretaría Xeral da UDC. Neste proceso de elaboración participaron a OTRI, o resto das vicerreitorías, o Consello Social e dúas consultoras con experiencia na materia (a instancias da OTRI e do Consello Social). Para a súa aprobación definitiva debe ser refrendado polo Consello Social da UDC.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno para a súa proposta ao Consello Social segundo figura no **anexo VIII**.

## **9. Regulamento de propiedade industrial e intelectual**

De forma tradicional, a regulación da titularidade, distribución de beneficios, así como das diversas situacións que se poidan presentar coas invencións creadas polos profesores e investigadores da universidade, como consecuencia da súa actividade investigadora na mesma, debe ser efectuada por cada universidade, segundo se prevé nos apartados 1 e 7 do artigo 20 da Lei de Patentes 11/1986, de 20 de marzo, sendo tamén de aplicación o previsto no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei de propiedade intelectual. En consonancia con isto a entón Xunta de Goberno aprobou o 1 de febreiro de 2000 o Regulamento de patentes e dereitos de propiedade intelectual da UDC.

O marco xurídico aplicable resultou modificado pola aprobación da nova Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación (LCTI), así como da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable (LES), que establecen unha nova regulación para as actividades de investigación desenvolvidas nas Universidades e Centros Públicos de Investigación e que



introducen importantes novidades para a protección dos resultados da investigación.

A proposta actual de regulamento foi elaborada conxuntamente entre a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e a Secretaría Xeral da UDC. Neste proceso de elaboración participaron a OTRI, o resto das vicerreitorías, o Consello Social e dúas consultoras con experiencia na materia (a instancias da OTRI e do Consello Social). Para a súa aprobación definitiva debe ser refrendado polo Consello Social da UDC.

Apróbase por asentimento a proposta para elevación ao Consello Social segundo figura no **anexo IX**.

### **10. Normativa de recoñecemento de créditos por actividades nos graos da UDC**

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón as novidades introducidas nesta normativa de recoñecemento de créditos por actividades nos graos da UDC. O RD 861/2010 permite que cada título amplíe o número de créditos a recoñecer, e a normativa establece os parámetros comúns a tal efecto: o tope máximo é de 12 créditos por cada titulación. Tamén se regula o procedemento para o recoñecemento dos créditos.

Os anexos, nos que constan as actividades que poden recoñecerse, pódense modificar por resolución reitoral. Con todo, tráense esta vez para a súa aprobación do Consello Goberno. O vicerreitor da conta dalgunhas das principais novidades, como que no recoñecemento de actividades culturais, suprimíronse o coro e a orquestra, e introducíronse as actividades que poidan desenvolverse nos centros para a normalización lingüística.

Pedro Nogueira está de acordo con este amplo recoñecemento, e solicita algunha aclaración sobre o contido da normativa.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo X**.

### **11. Proposta convocatoria prazas de PDI contratado curso académico 2012/2013**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón que se traen estas prazas por necesidades de POD. Interinos de substitución das áreas de Urbanismo, e de Filoloxía Románica, por non terse conseguido un lector de italiano.



As outras dúas prazas (Fisioterapia e Enfermaría) están relacionadas coa cobertura de dúas baixas de maternidade.

Teñen informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XI**.

## **12. Proposta convocatoria de listas de contratación de profesores/as asociados/as para mestrados do curso académico 2012/2013**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente explica a convocatoria destas listas, vinculada coas necesidades docentes dos mestrados, no peculiar contexto que se vai producir en setembro. Trátase da cobertura de nove prazas de asociado T3P3 por un cuatrimestre, que conta co informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento segundo figura no **anexo XII**.

## **13. Proposta de promoción en virtude do programa de promoción do PDI acreditado**

Antes de cederlle a palabra ao vicerreitor, o reitor retoma a explicación da situación legal provocada pola entrada en vigor da Lei 2/2012, de 30 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado e, en particular, pola autorización á que somete as convocatorias de prazas de novo ingreso para que estas se acomoden á taxa de reposición do 10% dos efectivos. O reitor expón que as universidades cumpren coas obrigas de contención do gasto público e, en particular, do seu capítulo I, pois as súas prazas son convocadas no marco de procesos de promoción pactados dentro da legalidade, sen que supoñan incremento do persoal de novo ingreso. Ademais de permitir a promoción mediante o talento, estes mecanismos logran un aforro neto na estrutura do noso capítulo de gastos de persoal.

A pesar de todos estes argumentos, fai notar que se produciu xa o requirimento de revogación a distintas universidades, en concreto, o 10 de xullo o Ministerio de Facenda requiriu á Universidade de Santiago de Compostela para que revogara 16 prazas. Para mañá a CRUE convocou en Madrid unha reunión dos secretarios xerais e asesores xurídicos, de cara á elaboración dunha postura conxunta de defensa da autonomía das universidades nestes ámbitos.



Tras a exposición anterior, o reitor propón que os eventuais requirimentos do Ministerio sexan desestimados, acudindo ao contencioso-administrativo en defensa da nosa posición institucional na convocatoria de prazas, criterio que é acollido por asentimento do Consello de Goberno.

María Luisa Sánchez Simón comenta que a intención do Ministerio non é aferrar, senón meter en cintura ás Universidades. Considera axeitados os argumentos legais para ir ao contencioso en defensa da nosa política de prazas. E lembra que nas mesas de negociación a consellaría sempre dixo que as universidades tiñan autonomía sempre que non significasen aumento de capítulo I.

Horacio Naveira considera que o razoamento do reitor é correcto, pero sinala os problemas que derivan de que o candidato que promociona non gañe a praza, polo que considera oportunas as cautelas adoptadas neste sentido pola Universidade da Coruña.

Xabier de Salvador pregunta se se manteñen os programas de promoción a cátedras, e solicita unha reflexión máis ampla sobre a política de profesorado que estamos dispostos a levar adiante para o vindeiro curso.

Luis Castedo fai unha defensa dos criterios da universidade, en especial da autonomía universitaria, sempre que implique corresponsabilidade pola nosa parte.

O profesor Sobrino pregunta pola impugnabilidade das prazas convocadas e resoltas.

O reitor e o vicerreitor contestan todas estas preguntas e, tras este debate, o vicerreitor propón a aprobación de nove cátedras de promoción dos acreditados, mais sometendo o envío das convocatorias ao BOE á condición suspensiva de autorización por parte do órgano competente da Xunta de Galicia.

Nos termos expostos, o Consello de Goberno aproba a convocatoria de cátedras de conformidade co programa de promoción, e co informe favorable da COAP e da mesa sindical, segundo figuran no **anexo XIII**.



#### **14. Proposta convocatoria prazas de PDI funcionario e aprobación dos tribunais**

O vicerreitor somete á aprobación os tribunais correspondentes ás anteriores cátedras de promoción, condicionados a que haxa autorización da Xunta de Galicia.

Os tribunais apróbanse por asentimento do Consello de Goberno e figuran como **anexo XIV** da presente acta.

#### **15. Proposta de promoción de contratados do Programa Isidro Parga Pondal**

Recibidas as solicitudes destes contratados que teñen a acreditación a contratado doutor, convócanse dúas prazas de contratados doutores para as áreas de Filoloxía Inglesa e Zooloxía, co informe favorable da COAP e da mesa sindical, segundo figuran no **anexo XV**.

Apróbase por asentimento.

#### **16. Proposta de cambio de área de coñecemento**

Indalecio Seijo Jordán solicita o cambio á área de Construcións Navais. A solicitude, que figura como **anexo XVI**, conta co informe favorable do departamento.

Apróbase por asentimento.

#### **17. Licenzas**

O vicerreitor pide aprobar catro solicitudes de licenzas que figuran no **anexo XVII**, motivadas polo programa de mobilidade Salvador de Madariaga e Juan de Castillejo. Contan informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento.

#### **18. Acordo sobre solicitude de contratación de profesor emérito**

Trátase da solicitude de emérito do profesor doutor Eulogio Jiménez Cuesta. O vicerreitor, de conformidade co parecer da COAP, propón non aceptar a contratación por incumprir a normativa (carece de programa de



actividades) e por estarmos nunha situación económica que obriga a priorizar o gasto de persoal noutras necesidades.

Luis Castedo considera que por motivos económicos non se debería denegar un dereito regulado nun regulamento.

O vicerreitor engade que o profesor Eulogio Jiménez prexubilouse en 2007, e non había proposta de actividades, de modo que a negativa non só se deriva de circunstancias económicas, senón tamén de procedemento.

Tras o debate, o Consello de Goberno informa desfavorablemente a contratación, segundo figura no **anexo XVIII**.

### **19. Aprobación da taxa de probas de acreditación lingüística para alumnos do programa Erasmus**

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación explica as razóns da proposta desta taxa, que ten que ver coa convocatoria do programa Erasmus para o vindeiro ano, e a acreditación da competencia lingüística dos estudantes que se queiran acoller ao programa.

Esta proposta ten que ir para a súa aprobación definitiva do Consello Social.

A representante dos estudantes Ana Barxa (Comités) anuncia o seu voto en contra por considerar que se trata dun novo atranco económico para os estudantes. A vicerreitora engade que en todas as universidades estes exames de competencia lingüística dan lugar a unha taxa.

Apróbase por asentimento, co voto en contra anterior, segundo figura no **anexo XIX**.

### **20. Quenda aberta de intervencións**

Pedro Nogueira di que hai dificultades coas empresas para facer os convenios de prácticas curriculares dos estudantes. Pide que se valore a colaboración destas empresas nas contratacións externas da UDC. Solicita que estean disponibles os documentos substanciais en lingua castelá e inglesa para a presentación de programas interuniversitarios. Tamén considera que os profesores que se prexubilan non deberían ser profesores honorarios.



Luis Castedo solicita que os regulamentos se envíen con máis antelación.

Rosa Meijide pregunta sobre o proxecto ASISTA.

Teresa López pregunta sobre o cobro dos complementos autonómicos recoñecidos recentemente.

Amelia Fraga anuncia que foron convocados o xoves ás 16:30 ao Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado, e di que asistirá para manifestar a súa oposición ás reformas.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:35 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luis Armesto Barbeito